

DECRETO NÚMERO 1030/2010 DO LIBRO DE RESOLUCIÓNS EN MATERIA DE PERSOAL Ó SERVICIO DA CORPORACIÓN DICTADAS POLO TENENTE DE ALCALDE DELEGADO DE ÁREA.

ILMO. SR. DON JOSÉ RÁBADE ARIAS, Tenente de Alcalde-Delegado da Área de Réxime Interior e Protección da Comunidade. Lugo, vinte e nove de setembro de dous mil dez.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada no día da data, adoptou, entre outros, o acordo número 12/593, de APROBACIÓN DE BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA A PRESELECCIÓN E POSTERIOR CONTRATACIÓN TEMPORAL DUN/DUNHA TÉCNICO/A ORIENTADOR/A, para a realización de actividades de información, orientación e busca de emprego, ó abeiro da Orde do 31 de decembro de 2009, da Consellería de Traballo e Benestar.

Por todo o que, en virtude das atribucións conferidas á Xunta de Goberno Local polo artigo 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e acordos de dito órgano de goberno, de delegación de atribucións, números 1/877 e 3/533, de datas do 18-10-2004 e do 20-6-2007, respectivamente, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Convoca-lo proceso selectivo para a preselección e posterior contratación temporal dun/dunha técnico/a orientador/a, para a realización de actividades de información, orientación e busca de emprego, ó abeiro da Orde do 31 de decembro de 2009, da Consellería de Traballo e Benestar, de acordo coas seguintes bases:

“BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA A PRESELECCIÓN E POSTERIOR CONTRATACIÓN TEMPORAL DUN/UNHA TÉCNICO/A -ORIENTADOR/A PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INFORMACIÓN, ORIENTACIÓN E BUSCA DE EMPREGO, Ó ABEIRO DA ORDE DO 31 DE DECEMBRO DE 2009 DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

Primeira.- Obxecto.

Estas bases teñen como finalidade, de conformidade co previsto no artigo 11º.1 da orde do 31 de decembro de 2009 da Consellería de Traballo e Benestar, pola que se establecen as bases reguladoras para a convocatoria pública para a subvencións para a realización de actividades de información, orientación e busca de emprego, a preselección para a contratación por parte do Concello de Lugo, dun/unha técnico/a-orientador/a para a realización das mesmas.

Esta preselección segundo establece o devandito artigo, é requisito indispensable para proceder, á posterior contratación do persoal que debe realizar as accións correspondentes á subvención de referencia.

Segunda.- Funcións do posto de traballo.

As funcións que, con carácter xeral, corresponden ó posto de traballo obxecto desta convocatoria, son:

- a) Avaliación o perfil curricular dos demandantes de emprego, actuando ao mesmo tempo sobre as súas aptitudes e capacidades e establecendo actuacións tendentes a adecuar os seus intereses e motivacións á situación actual do mercado de traballo.
- b) Impartición de obradoiros de busca de emprego dirixidos ás persoas demandantes de emprego.
- c) Información, orientación e establecemento de itinerarios personalizados de inserción laboral.
- d) Aquelas outras funcións que, con ocasión do desenvolvemento das políticas activas de emprego, lle sexan encomendadas, segundo os criterios de traballo e directrices do Concello de Lugo.

Terceira.- Características do contrato de traballo.

O contrato de traballo que subscribirá o Concello de Lugo, unha vez que os técnicos da Consellería de Traballo e Benestar den a súa conformidade coa persoa preseleccionada, terá carácter temporal, e a súa duración se extenderá ata o 31 de xaneiro de 2011. A remuneración bruta mensual será de 1.569,46 €

Cuarta.- Requisitos dos aspirantes.

As persoas interesadas en participar no proceso selectivo deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Requisitos xerais.

- Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desempeño das funcións que correspondan.
- Estar en condicións de incorporarse ó posto de traballo na data que se lle indique.
- Comprometerse activamente no adecuado desenvolvemento das actividades de información, orientación e busca de emprego.

b) Requisitos específicos

a) En todo caso as persoas interesadas deberán posuír o título de diplomado ou licenciado universitario, preferentemente en Psicología, Psicopedagogía, Pedagogía, Socioloxía, Educación Social, Traballo Social, Relacións Laborais ou Graduado Social.

Estos requisitos deberán posuírse ou estar en condicións de obtelos na data na que remata o prazo de presentación de solicitudes.

b) Acadar alomenos 5 puntos do baremo de méritos que se establece na base oitava.

Quinta. Comité de Preselección

O Comité de preselección estará formado por :

PRESIDENTA.- Marta López Peña. Xefa do Servizo de Persoal Concello de Lugo.

Suplente.- Fernando Prado Rodríguez. Técnico do Concello de Lugo.

PERSOAL
MLP/cta
Ref^a: 10drconvcontorientadorlaboral.doc
Asunto: conv.cont.orientador/a laboral

Secretaria.- M^a Jesús López Vázquez. Xefa de Servizos Sociais do Concello de Lugo.

Suplente.- M^a Jesús González-Vara Pin Avogada do Concello de Lugo

Vogais:

- M^a Isabel Villamor Cabado. Axente de Emprego do Concello de Lugo

Suplente.- Lidia Platas Ferreiro. Psicopedagoga Concello de Lugo

- María Baza Pouderoux. Técnico do Concello de Lugo

Suplente.- Isabel Ozores Sieiro. Licenciada en Dereito Concello de Lugo

- Cruz Gutierrez Garrido. Axente desenvolvemento local Concello de Lugo

Suplente.- Covadonga Carreño Gascón. Arqueóloga Concello de Lugo.

Sexta.- Presentación de solicitudes.

As persoas interesadas presentarán instancia dirixida ó Excmo. Sr. Alcalde do Concello de Lugo, na que farán constar o seu desexo de participar no proceso de preselección, e que reunen os requisitos establecidos, no prazo de dez días naturais, contados dende o seguinte á exposición pública das presentes bases no taboleiro de anuncios do Concello de Lugo. A instancia deberá ir acompañada de orixinais ou fotocopia compulsada da documentación acreditativa dos méritos que figuran na base oitava e que o/a aspirante desexe achegar para ser tido en conta no proceso.

Sétima.- Actividades para a preselección.

1.- As actividades para a preselección, terán por finalidade determina-la adecuación dos candidatos/as ó posto de traballo de orientador/a e consistirán nunha valoración de méritos e na celebración dunha entrevista persoal.

2.- Os méritos a valorar son os que figuran na base oitava. Os/as interesados/as deberán presentar xuntamente coa instancia orixinais ou fotocopia compulsada da documentación acreditativa dos méritos que figuran na base oitava e que o/a aspirante desexe achegar para ser tida en conta no proceso. Deberá acreditarse que se posuen ó menos 5 puntos do baremo de méritos establecido.

3.- Unha vez avaliados os méritos, os/as aspirantes serán convocados para unha entrevista coa finalidade de coñecer-las súas capacidades persoais e profesionais para desempeñar ás funcións a desenvolver. A puntuación máxima a acadar polos aspirantes na entrevista será de catro puntos.

Oitava.- Méritos que se valorarán.

Os méritos que se valorarán, son os que de seguido se relacionan e deberán acreditarse mediante documentos orixinais ou fotocopias compulsadas.

Titulación académica (máximo 2,5 puntos)	Puntuación
Titulacións preferentes:	
-Psicoloxía	2,5 puntos
- Pedagogía	2,5 puntos
- Psicopedagogía	2,5 puntos
- Socioloxía	2,5 puntos
- Educación Social	2,0 puntos
- Traballo Social	2,0 puntos
- Diplomatura de Relacións Laborais	2,0 puntos
- Graduado Social	2,0 puntos
- Outra titulación media	1,0 puntos
- Outra titulación superior	1,5 puntos
Formación complementaria (máximo 2 puntos)	Puntuación
Másters, cursos en materias relacionadas coa ocupacion	0,1 puntos por cada 30 horas formativas.
Experiencia profesional (máximo 5 puntos)	Puntuación
A experiencia profesional deberá acreditarse a través de certificación oficial de vida laboral actualizada ou copia do contrato ou certificado de empresa en que consten as tarefas realizadas, e IAE (alta e actualización no caso de traballadores/as autónomos. Cando se trate de colaboracións, bolsas, titorías, docencia, educación social ou servizos sociais, estes deberánse acreditar mediante certificacións de organismos oficiais.	
Por cada mes realizando tarefas directamente relacionadas co posto ofertado: orientación laboral/profesional, titorías laborais con persoas	0,4 puntos por cada mes

adultas, inserción laboral, etc.	
Por cada mes realizando tarefas técnicas indirectamente relacionadas co posto ofertado (máximo 2 puntos nesta epígrafe)	0,1 puntos por cada mes
Outros méritos (máximo 0,5 puntos) *	Puntuación
Celga 3 ou equivalente debidamente homologado	0,15 puntos
Celga 4 ou equivalente debidamente homologado	0,25 puntos
Coñecementos de informática	0,25 puntos

* No caso de que o candidato/a posúa os títulos Celga 3 e Celga 4, só se valorará o Celga 4.

Novena.- Puntuacións finais. Preselección.

1.-Finalizado e cualificado o proceso, o comité de preselección, procederá ó establecemento das puntuacións finais dos candidatos que teñan participado.

As ditas puntuacións finais virán dadas pola suma dos puntos acadados na valoración de méritos e na entrevista persoal e determinarán a orde de prelación dos aspirantes para a remisión do candidato ou candidata preseleccionado/a á xefatura territorial da Consellería de Traballo e Benestar.

Non obstante o anterior, si o candidato/a proposto/a renunciase ou non estivese dispoñible na data de comezo das accións, o comité de preselección, propoñerá a aquel aspirante que acadase a seguinte mellor puntuación final.

Décima.- Criterios para dirimir empates.

Para dirimir os posibles empates entre as puntuacións finais obtidas por dous ou máis candidatos/as, estarase:

- 1º) Á puntuación obtida no apartado de experiencia profesional relacionada con posto de traballo.
- 2º) Á puntuación obtida no apartado de cursos recibidos.
- 3º) Ó de maior idade.

Décimo primera.- Incidencias e reclamacións.

PERSOAL
MLP/cta
Ref^o: 10drconvcontorientadorlaboral.doc
Asunto: conv.cont.orientador/a laboral

As incidencias e reclamacións que puideran derivarse do proceso de selección, presentaranse ante o Comité de Preselección no prazo de 5 días naturais a contar dende o seguinte a publicación das actas.”

SEGUNDO.- Procédase a súa publicación no Taboleiro municipal de Anuncios.

Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da súa notificación, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo ou, á elección do interesado, ante o da circunscrición onde teña o seu domicilio. Malia o anterior, e con carácter previo e potestativo, poderá interpoñer recurso de reposición, no prazo de UN MES, contado dende o seguinte á notificación da presente resolución, sen prexuízo de que vostede interpoña calquer outro recurso que estime procedente en Dereito.

Cúmprase.